



CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es

Web: concellomuinos.com

LABO 2017-14

CONCELLO DE MUIÑOS

EXPEDIENTE DE CONTRATACION COCIÑEIROS/AS C.T. O CORGO
MUIÑOS

Muíños 10 de Maio de 2017

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A COBERTURA DE POSIBLES VACANTES DE COCIÑEIROS/AS PARA O COMPLEXO TURÍSTICO DEPORTIVO DE O CORGO.

Primeira: Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a cobertura de vacantes e a ampliación dos integrantes da Bolsa de Emprego vixente no Concello de Muíños referida as prazas de "cociñeiros/as para o Complexo Turístico Deportivo de O Corgo" (8) mediante contratación laboral temporal.

Segunda Modalidade e duración do contrato.

A contratación realizaranse a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, regulada no artigo 15.1 a) do RD lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos/as Taballadores/as, a xornada completa. A duración da obra ou servizo será de 3 meses, aplicando en cada caso a temporalidade derivada das consignacións orzamentarias que resulten de aplicación.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- b) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



CONCELLO DE MUÍÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es

Web: concellomuinos.com

- c) Posuir capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, é dicir, non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Non ter antecedentes por delitos de natureza sexuais. Aos efectos de dar cumprimento ao establecido na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, e a lei 45/2015 de voluntariado para Traballar con Menores, o candidato presentará unha autorización para que o concello de Muíños solicite e recolla en nome do candidato do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, a información relativa á carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual. (Anexo III).

Cuarta: Sistema de selección.

O procedemento de selección consistirá nunha fase de concurso-oposición que se levará a cabo mediante a validación dos méritos presentados e obxecto de puntuación, que virá determinada pola suma das puntuacións dos méritos valorados para cada aspirante, así como a fase de entrevista e proba práctica.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima: 3,5 puntos.

- 1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
- 2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
- 3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

B) FORMACIÓN. Valorarase a formación nas materias propias do posto: máximo: 3 puntos.

- 1. Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso
- 2. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso
- 3. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso



CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es

Web: concellomuinos.com

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública.

C) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2 ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

D) ENTREVISTA CURRICULAR: máximo 3,5 puntos.

A entrevista versará sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto. Na entrevista valorarase a dispoñibilidade e coñecemento específico do posto de traballo concreto, responsabilidade que comporta o seu desempeño, a súa capacidade de traballo en equipo, etc

Nos supostos nos que se obtivese igual puntuación por algún/ha ou algúns/has dos/as candidatos/as, os desempates dirimiranse atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación por experiencia na mesma categoría á que se opta no concello de Muíños, ou noutra administración pública.

2º.- Maior puntuación por experiencia na mesma categoría a que se opta na empresa privada.

No caso de persistir o empate, este se dirimirá mediante sorteo.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente, conforme ao regulado nestas Bases.

O Concello poderá efectuar chamamentos ás persoas que non consigan praza no proceso selectivo en caso de esgotar a relación de integrantes da Bolsa que resulte do mesmo.

A duración desta bolsa será ata o 31-12-2017.



CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es

Web: concellomuinos.com

Quinta: Documentación a presentar.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia (Anexo I) que se xunta a estas bases e deberán presentarse ben no Rexistro Xeral do Concello de Muíños ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante telegrama durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, no prazo de 5 días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

O horario de presentación de documentación no rexistro do Concello será de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada do documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. (Anexo II).
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada.
- Autorización para que o concello de Muíños solicite en nome do candidato do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, a información relativa á carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual. (Anexo III).
- Os/as solicitantes deberán aboar as taxas establecidas na ordenanza municipal de aplicación, segundo o artigo 4, 4.2.1) Persoal laboral temporal e funcionarios interinos: 10,00 €, incorporando a súa solicitude a acreditación do abono. (nº conta : ES13 2080 0442 1131 1000 0025).

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Sexta. Tribunal cualificador.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as e a realización da entrevista, estará integrado polos seguintes membros:

No suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea ao Concello, terá dereito a percibir a indemnización por asistencia correspondente segundo o RD 462/2002 do 24 de maio.

▪Tribunal Titular:

Presidente:

D. Santiago Mansilla Vázquez, Secretario-Interventor do Concello de Muíños.

Secretaria: Dña. Ana M^a Antúñez Pérez, Técnica en Asistencia Xurídica, Administrativa e de Urbanismo do Concello de Muíños.

Vogales:



CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es

Web: concellomuinos.com

Dña. M^a Isabel Colmenero Veloso, Secretaria-Interventora do Concello de San Cibrán das Viñas.

Dña. M^a Carmen García Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Sarreaus.

Dña. Cristina Villarino Cuquejo, Secretaria-Interventora do Concello de Trasmiras.

▪Tribunal Suplente:

Presidente: D. Jose Manuel Rodríguez Trigás, Secretario-Interventor do Concello de A Peroxa.

Secretaria: Dña. M^a Elena Dominguez Gomez, funcionaria do Concello de Muíños.

Vocais:

Dña. Rosa Pena Seoane, funcionaria do Concello de Muíños.

Dña. Concepción Fernández Nóvoa Valladares, Secretaria-interventora do Concello de Vilamarín

D. Santiago Carmen Rodríguez San Martín, Secretario-Interventor do Concello de Padrenda

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao Excmo. Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Septima: Procedemento de selección.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados ata entón).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as. Coa publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos procederase a fixación da data de celebración dos exercicios contemplados na fase de oposición. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as e realizada a proba práctica e a entrevista, publicará no taboleiro de anuncios, as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.



CONCELLO DE MUÍÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es

Web: concellomuinos.com

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

Para o caso de empate na puntuación final, resolverase por sorteo.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante resolución, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.

As fases do procedemento selectivo que puderan coincidir con probas de selección para outras prazas municipais celebradas o mesmo día e cos mesmos requisitos, poderán realizarse conxuntamente.

Oitava. Incidencias

O tribunal quedará autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orde das probas en todo o non previsto nestas bases.

Novena. Recursos.

As presentes bases poderán ser impugnadas ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Muíños mediante Recurso Potestativo de Reposición, nos termos contemplados no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



O Alcalde

Asdo. Práximo Álvarez Dobaño



CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es Web: concellomuinos.com

ANEXO I.

MODELO DE INSTANCIA.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO PARA AS SEGUINTE PRAZAS:

-COCIÑEIROS/AS PARA O COMPLEXO TURÍSTICO DEPORTIVO DE O CORGO.

DATOS DO/DA SOLICITANTE.

NOME	APELIDOS
DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO
DIRECCIÓN	
POBLACIÓN	PROVINCIA
TELÉFONO	E-MAIL

DECLARO:

1. Que vistas as bases específicas de selección que rexen esta convocatoria, considero que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos e, polo tanto, solicito ser incluído no proceso selectivo.

2. Relación de méritos que aporoto:

- ☐ Copia cotexada do título de galego
- ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- ☐ Declaración responsable
- ☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)
- ☐ Xustificante pago taxa.

Muíños, de de 2017

Sinatura,

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUIÑOS.



CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es

Web: concellomuinos.com

ANEXO II.

DECLARACIÓN XURADA.

CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO PARA AS SEGUENTES PRAZAS:

-COCIÑEIROS/AS PARA O COMPLEXO TURÍSTICO DEPORTIVO DE O CORGO.

D./D^a. _____, con DNI núm. _____,
con domicilio a efectos de notificación en _____,

DECLARA

baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo arriba indicado:

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- e no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En Muíños, a de de 2017.

O/A solicitante,

Asdo: _____.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUIÑOS



CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muiños)

Telf. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: concello.muinos@eidolocal.es Web: concellomuinos.com

ANEXO III.-MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A CLÁUSULA QUINTA, PARÁGRAFO d) DAS BASES QUE REXEN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO PARA AS SEGUINTE PRAZAS: - COCIÑEIRO/AS PARA O COMPLEXO TURÍSTICO DEPORTIVO DE O CORGO.

D./

D^a _____

con DNI nº _____, e domicilio particular a efectos de notificaciones en:

Rúa: _____ nº _____ esc _____ piso _____
porta _____

Municipio _____ C.P. _____ Provincia _____

Teléfono móbil: _____

Email: _____

Aos efectos de dar cumprimento ao establecido na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, e a lei 45/2015 de voluntariado para Traballar con Menores,

AUTORIZO a D/D^a _____ na súa condición de director/ xerente/ administrador/ xestor da entidade _____ para que solicite e recolla no meu nome do Rexistro Central de Delincentes Sexuais, a información relativa á carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual.

Muiños, ____ de _____ de 2017

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUIÑOS